

JOSÉ MANUEL VALADO FERNÁNDEZ



"É difícil atopar información fiable e rigorosa debido á escaseza de explotacións especializadas"

José Manuel Valado Fernández

Datos básicos

Actividade:	Empresa de floricultura e horticultura
Sector de actividade	Agricultura, gandería e pesca
Nº empregados	3
Inversión inicial	24.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios. Tamén nos axudaron as condicións favorábeis de pago que nos ofreceu a cooperativa coa que comezamos a nosa actividade. Na actualidade, o investimento inicial cuadriplicouse.
Web:	
Municipio:	Gomesende, Ourense
Ano creación:	1996

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa de floricultura e horticultura que cultiva flor cortada e produción de horta.

Entre as flores que cultivamos, destacan os bulbos, liliun, stargarzer, cravo e clavelina.

A produción da horta depende do ano, pero predominan os pementos, as xudías e os tomates.

Dedicámonos á comercialización da nosa produción a maioristas e, dende o ano 2006, temos unha floristería.

Dentro da flor, esforzámonos por conseguir a calidade extra. Existen catro tipos de calidades:

- Extra de 70 (con un tallo de 70 cm).
- Extra de 60 (con un tallo de 60 cm).
- Primeira (con un tallo de 50 cm).
- Segunda (con un tallo inferior).

A calidade extra é a máis rendíbel, posto que a diferenza en prezo é de 15 ou 16 das antigas pesetas para unha flor extra de 70 fronte ás 8 pesetas dunha flor de segunda.



Datos empresa

Claves do éxito

- A cooperativa xa tiña o mercado creado (levaba anos funcionando) e na actualidade encóntrase nunha fase de expansión.
- Ter a venda asegurada. Nos podemos despreocupar de buscar mercado e así centrarnos en conseguir a mellor calidade.
- Moi boa relación entre o coidado das flores e a produción (a cantidade e a calidade da flor).
- Dedicación total para conseguir unha produción de flor de calidade extra (que é a mais rendíbel).
- Non perder de vista o traballo diario, non abandonalo nin un só día (combater as enfermidades coa maior celeridade, etc.).

Situación actual

Comezamos cun invernadoiro de 5 anos de antigüidade nun terreo de 1.100 m². Ao cabo dun ano e medio, cando comezábamos a producir, un temporal arrasou o invernadoiro e tivemos que comezar desde cero, montando dous invernadoiros de 2.200 m² e 450 m². Agora estamos en pleno período de crecemento e temos proxectos de expansión a outras actividades que se podían compaxinar coa actual.

Perfil cliente

O noso cliente son maioristas e particulares.



Idea inicial

En realidade non coñecía o sector nin tiña experiencia na horticultura e a floricultura. Meu pai dedicábase á construción e quería xubilarse por problemas de costas. Eu traballaba con el para axudarlle, e desta forma ningún dos dous o deixaba por axudar ao outro.

Ao principio eu e máis a miña socia pensamos nunha explotación gandeira e fixemos unha prospección do mercado, pensamos traballar con Coren pero non admitían máis socios e a viabilidade era entón moi complicada. Así que fomos á Fundación de Desenvolvemento da Comarca de Celanova e faláronnos da cooperativa Hortoflor. En realidade accedemos a manter unha entrevista coa cooperativa para non decepcionar á xerente, que se esforzara moito en axudarnos. Eramos escépticos porque se nos facía estraño "vivir do campo" nun entorno no que a xente "sobrevive no campo". E, entendemos que se trataba dun proxecto viábel.

Principales dificultades y amenazas futuras

Ao principio entrontámonos con dificultades económicas e a aprendizaxe dunha profesión nova. Tivemos que formarnos, investigar, preguntar todas as nosas dúbidas e ser asesorados polo enxeñeiro agrónomo da cooperativa.

Perfil promotores

José Manuel Valado posúe estudos de administrativo e formación en albanelería. A empresa conta con outro socio máis.

Aptitudes necesarias

- Forza de vontade.
- Paciencia para traballar en ocasións xornadas moi longas (15 horas ao día).
- Constancia. Todos os días hai traballo que facer. O inverno é mais relaxado e no verán trabállase moi intensamente.



Guía de Actividad

Viveiros de plantas ornamentais (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe**

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Cursos de xoves agricultores, Cámaras Agrarias, etc. De feito, na actualidade xa existen cursos obrigatorios, por exemplo para obter un carné fitosanitario.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Para este caso en concreto non, porque o tema empresarial lávase na cooperativa.

Anecdotalio

Fomos de casualidade á cooperativa para non decepcionar á técnico da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Celanova, que se esforzara moito en axudarnos. Nunca imaxinaríamos que finalmente desenvolveríamos esta actividade.

